

NOTA DE PRENSA

Celebración da XVIII Olimpiada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 16 de febreiro de 2023.- Mañá venres 17 de febreiro celebrarase a fase presencial da **XVIII Olimpiada de Bioloxía-Fase Autonómica Galega**, na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, convocada polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** -COBGA e a **Asociación Olimpiada Española de Biología** (OEB), coa colaboración da **Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela**, colaboran tamén as facultades de Bioloxía e Ciencias da UVIGO e UDC (respectivamente) e a **Consellería Cultura, Educación e Universidade**.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudantado do sistema educativo español.

Inscribíronse unha cifra récord de centros e alumnos/as: Foron **44 centros (A Coruña 25, Lugo 3, Ourense 5 e Pontevedra 11) cun total de 344 alumnos/as**. Celebrouse unha fase previa on line (3/02/23), que consistiu nunha proba teórica de 100 preguntas tipo test sobre os contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

Os cen (100) mellores alumnos/as de trinta e oito (38) centros galegos, foron seleccionados para a presente fase presencial. Esta fase constará dunha proba teórica tipo test cos mesmos contidos que os da fase previa e, ademais, de probas prácticas de laboratorio.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na **fase nacional**, que se celebrará en Barcelona do 23 ao 26 de marzo.

O certame conta co patrocinio de **Principia Editorial e os Museos Científicos Coruñeses** que entregarán premios aos gañadores.

Con motivo do convenio coa **Consellería de Cultura, Educación e Universidade** a Olimpiada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente e nela terán lugar dúas charlas de formación docente sobre temas de actualidade en bioloxía.

A primeira titulada "**Pequeñas superheroínas: bacterias que degradan plástico**" terá como relatora a Sabela Balboa Méndez e a segunda titulada "**Vixías do medio ambiente: empregando organismos vivos para o control da contaminación**" contará como relatora con Teresa Boquete Seoane.

Pola tarde, antes do acto de clausura, Gonzalo A. Álvarez Jurado ofrecerá unha conferencia ao profesorado e alumnado titulada "**La genética en el museo del Prado**".

O **Acto de clausura** contará coa presenza de D. Gumersindo Feijóo Costa, vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación; D. José Antonio Fernández Bouzas, Decano do COBGA; D. Luis Fernández López, delegado en Galicia da OEB-Olimpiada Española de Biología; D^a Mercedes Gallardo Medina, Decana da Facultade de Bioloxía da UVIGO e D. Jesús Ángel López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía da USC.

Máis información: COBGA: 682546054 (Pablo Fernandes).